



A XUNTA DE GOBERNO DE NIGRÁN CONCEDE UNHA NOVA LICENZA NO POLÍGONO TERCIARIO DE PORTO DO MOLLE

**Trátase dunha nave pertencente a Export Radopa, firma dedicada á
reparación e mantemento de equipos e motores de refrixeración industrial**

**A empresa ten un orzamento para a realización das obras de máis de
288.000 euros**

Nigrán, 21/02/16.- A Xunta de Goberno Local do Concello de Nigrán aprobou esta semana a licenza de obra a Export Radopa, S.L. para a construción dunha nave industrial en Porto do Molle destinada á reparación e mantemento de maquinaria de refrixeración industrial.

As instalacións estarán situadas na parcela 9.04, que conta cunha superficie de 910,23 metros cadrados. A empresa, con sede en Baiona, ten un orzamento para a realización das obras de máis de 288.000 euros (288.410,36), unha ocupación máxima na finca de 581,02 metros cadrados e unha edificabilidade de 910,03m².

Export Radopa é unha firma de recente creación, fundada en febreiro de 2015 e dedicada á reparación e mantemento de equipos e motores do sector naval e industrial así como ao comercio ao por maior de aparatos electrodomésticos e ferraxería e de aparatos e materiais radioelétricos e electrónicos.

“O Polígono Terciario de Porto do Molle continúa dando boas novas aos veciños e veciñas de Nigrán. Esta licenza de obra suporá unha nova inversión e, nos vindeiros meses, unha nova oportunidade de emprego no noso municipio e, polo tanto, unha satisfacción máis para o goberno que presido e que ten como un obxectivos primordiais as políticas sociais e de emprego”, declara o alcalde de Nigrán, Juan González.



O número de empresas arrendatarias e propietarias de Porto do Molle é de 76, das cales 70 xa se atopan instaladas xerando máis de 630 empregos e outras once están en proceso de instalación e a previsión é que dean traballo a 231 persoas máis.

“Dende o goberno de Nigrán continuaremos apostando pola formación e polo emprego e así se reflicte no proxecto de orzamentos para 2016, no que estas partidas aumentan e máis dun 200% respecto a anos anteriores” sinala o rexedor municipal.